



CONCELLO DE REDONDELA

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN DAS PISTAS DE PÁDEL DO CONCELLO DE REDONDELA

Artigo 1.- Natureza e fundamento.

En uso das facultades concedidas polos artigos 4 e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 57 do texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, establécese a Taxa pola utilización das pistas de pádel do Concello de Redondela.

Artigo 2. Feito imponible e supostos de non suxeición.

Constitúe o feito imponible desta da taxa a prestación de servizos públicos con motivo da utilización das pistas de pádel municipais.

Non se producirá a suxeición á taxa nos seguintes supostos:

1. Actividades organizadas polo Concello de Redondela.
2. Asociacións e Clubs deportivos que se atopen debidamente inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións (adestramentos, competicións oficiais e eventos deportivos).
3. Centros educativos públicos de Redondela que carezan de instalacións deportivas suficientes para as actividades de Educación Física autorizadas polo Concello de Redondela.
4. Actividades que pola súa natureza social ou cultural repercutan en beneficio da colectividade local, autorizadas pola Concellería de Deportes.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas, xurídicas así como os entes aos que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, que soliciten a utilización das pistas de pádel.



CONCELLO DE REDONDELA

Artigo 4. Cota tributaria.

A cota desta taxa será a fixada nas seguintes tarifas:

Tempo de utilización dunha Pista de Pádel	Importe
90 minutos	8,00 €
Día completo	100,00 €

Artigo 5. Beneficios fiscais.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

Artigo 6. Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír desde o momento que se solicita a reserva de utilización das pistas de pádel.

Artigo 7. Normas de xestión.

O pago da taxa realizarase no momento de efectuar a reserva da pista, de tal forma que non se prestará o servizo se non consta realizado o devandito pago.

Artigo 8. Infraccións e sancións.

En todo o relativo a infraccións e sancións tributarias e as súas distintas cualificacións, así como as sancións que ás mesmas corresponda, serán de aplicación as normas establecidas na vixente Lei Xeral Tributaria.

Disposición final

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín oficial da provincia de Pontevedra, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte a súa publicación, permanecendo en vigor ate a súa modificación ou derogación expresa.

Publicacións Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra:

- BOP número 237, do 9.12.2022